



(SECRETARÍA)  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

<b>ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTA CONCELLO O 4 DE FEBREIRO DE 2016</b>
<b>LUGAR:</b> CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
<b>TIPO DE SESIÓN:</b> ORDINARIA <b>CONVOCATORIA:</b> PRIMEIRA

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro do PP

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. ROMÁN SUÁREZ PORTO

Concelleiro do PSdeG-PSOE

DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

D. LUIS RENDO ARAUJO

Concelleiro

D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA

Concelleiro

D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS

Concelleira

GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS

Concelleira

FALTAN Á SESIÓN

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS

Concelleiro do BNG

SECRETARIA

DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas coarenta e un minutos do día catro de febreiro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para as vinte horas trinta minutos, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria do Concello, Dna. Lucía Artime Alonso

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde, e antes de iniciar o debate, o Sr. Alcalde-Presidente da a benvida a todos os asistentes á sesión plenaria e de seguido dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 10 DE DECEMBRO DE 2015.** Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 10 de decembro de 2015, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**2º.- SOLICITUDE DE ANÁLISE DO ESTADO ACTUAL DO SERVIZO DO MATADOIRO MUNICIPAL FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE DE 28/01/2016.**

Explica o **Sr. Alcalde** que, a pesares de que na Orde do Día consta a denominación do escrito presentado polo PSOE, pois así foi á Comisión Informativa, en realidade nese punto o que se debatíu foi a rescisión do contrato do Matadoiro municipal, dándose copia do expediente a todos os asistentes, e entendendo por parte de todos que o que se dictaminaba era a rescisión do contrato de concesión do Matadoiro. Por iso, coa unanimidade de todos os presentes, enténdese que o punto 2º deste Pleno municipal, será e se vai votar a proposta correspondente, o seguinte:

**2º.- PROPOSTA RESCISIÓN CONTRATO CONCESIÓN SERVICIO MATADOIRO MUNICIPAL.**

De seguido o Concelleiro do PP, **Sr. Juan Constenla**, explica que, trala iniciación do expediente de rescisión do contrato de concesión do Servizo do Matadoiro Municipal no mes de outubro, a audiencia ao contratista e o seu avalista e os informes técnicos municipais sobre a débeda do contratista (81.000,00 €) e o estado das instalacións, procede rescindir o contrato, xa que o concurso de acredores é causa obxectiva de rescisión. De este xeito se chega ao punto final para poder recuperar as instalacións e ofertar o servizo correspondente.

Intervén **Dña. Belén Louzao**, voceira do PSdeG-PSOE, dicindo que este é un servizo importante para os veciños e prioritario para o sector, polo que canto máis tempo pase para a rescisión deste contrato se traduce nun detrimento dos traballos e do sector, así como das instalacións comarcais que temos no Matadoiro; polo que agardan que se leve a cabo con celeridade a rescisión desta concesión administrativa, avaliar a débeda de 81.000,00 € e proceder de inmediato os trámites para a nova contratación do Servizo do Matadoiro; polo tanto, que se active a auditoría necesaria, da que se falou na Comisión, para poder canto antes contar con este servizo, que é prioritario para o noso Concello. Ante o anterior, manifesta que o seu grupo político votará a favor desta proposta de rescisión.

Intervén de seguido **Dña. Mar Blanco**, voceira do grupo municipal MÓVETE, manifestando que non entende como o goberno non actuou con maior celeridade neste caso, sobre todo tendo en conta as diversas queixas dos carniceros, xa que no mes de xullo se deu conta do escrito remitido pola Consellería de Sanidade, onde se recollían as deficiencias nas instalacións do Matadoiro municipal e, as obras de maior calado, serían incluídas nos pregos para a nova licitación; seis meses despois considera que a xestión do goberno neste asunto non resultou eficaz e que o Alcalde fracasou no seu compromiso de restablecer canto antes este servizo. A pesares do retraso e da lentitude neste proceso, manifesta a súa decisión de apoiar esta proposta.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación desta proposta, e por unanimidade dos membros presentes, cos votos a favor do Partido Popular, MÓVETE, e PsdeG-PSOE, adóptase o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Resolver o contrato de concesión do Servizo do Matadoiro municipal, subscrito en data 16/11/1992 pola empresa COCARGA SA e por este Concello, por mor de incumprimento contractual imputable ao contratista subsumible no artigo 223.b) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, así como no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares previamente aceptados por ambas as partes, por declaración de concurso de acredores.

**Segundo.-** Incautar a garantía constituída pola empresa COCARGA, SA por un importe de 720,00 euros, de conformidade co artigo 225.4 da do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, no caso de declararse que dito concurso de acredores foi culpable.

**Terceiro.-** Reclamar ao contratista indemnización por danos e perdas por unha contía mínima de 81.344,92 €, da que se deducirá, no seu caso, o importe da garantía incautada.

**Cuarto.-** Notificar aos interesados aos efectos oportunos.

**3º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MÓVETE RELATIVA AO CAMBIO DE USO DO SOLO PARA O CUMPRIMENTO DA LEI DE MONTES DE GALICIA. DITAME DA COMISIÓIN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE DE 28/01/2016.**

Inicia as intervencións a voceira de MÓVETE, **Sra. Mar Blanco**, dando lectura á Moción que presentado o seu grupo en relación ao cambio de uso do solo para o cumprimento da Lei de Montes de Galicia, e que se transcribe na parte dispostiva deste punto.

Toma a palabra o Concelleiro do PP, **Sr. Juan Constenla**, intervén dicindo que, como xa se manifestou na Comisión Informativa correspondente, todos son conscientes e sabedores desta Lei. Segue aclarando que para facer o cambio dos terreos de agrícola a forestal hai que dar cumprimento aos condicionantes establecidos na nomeada Lei, sendo competente para esta decisión a Consellería do Rural, polo que para facer trasvase da actividade é necesaria autorización da Consellería. Tamén son sabedores de que a Xunta ten un servizo de inspección que fai o seu traballo da mellor maneira posible. Lembra que de ver infraccións, todo o mundo está no seu dereito de denunciar ou poñer en coñecemento deste servizo a existencia de situacións que deban ser obxecto de inspección se así o consideran conveniente. Polo anterior, manifesta a intención do grupo de goberno de votar a favor desta moción, vixiando e instando á Consellería de Medio Rural para que cumpra de maneira eficaz a Lei de Montes de Galicia.

Intervén a Concelleira do PSdeG-PSOE, **Sr. Belén Louzao**, recordando que a Lei 7/2012 de Montes de Galicia fala da necesidade de vixilancia das desforestacións, buscando unha saída deses terreos para os propietarios, contemplando excepcións e outras posibilidades agrarias. Continúa dicindo que son moitas as alternativas que se contemplan nesta Lei, coas que se poden estar de acordo ou no, pero o seu grupo socialista apoia que se cumpra esta Lei, pero quere deixar constancia de que existen xeitos para o seu cumprimento, existen inspectores e vixiantes que fan a súa labor da mellor maneira, etc., polo que instar novamente á Consellería para o cumprimento da Lei lle parece redundante e poñen entredito o bo facer dos organismos e persoas encargadas destes servizos. Por último, manifesta o apoio do seu grupo a esta moción a pesares de considerar o acordo que se vai a tomar como redundante.

O **Sr. Alcalde** pecha a quenda de intervencións dicindo que quere deixar constancia de que os axentes forestais do Medio Rural e técnicos de Medio Ambiente fan o seu traballo do mellor xeito posible e pesares de que, ao mellor, non teñen os medios necesarios, polo que quere aclarar que aquí non quere deixar constancia de que non se cuestiona o seu labor, senón tan só se ista á Consellería para que intensifique o seu traballo.

Non habendo máis intervención procedese á votación deste asunto, adoptándose por unanimidade, cos votos a favor do Partido Popular, MÓVETE, e PSdeG-PSOE, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada o 19/01/2016 polo grupo municipal MÓVETE (RE nº 536) que se transcribe de seguido:

*O Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada desexa someter á consideración do Pleno a seguinte moción:*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A “lei 7/2012 de 28 de xuño de 2012, de Montes de Galicia” regula, entre outras cousas, o cambio de uso do solo ou mellor dito, o cambio de actividade agrícola a forestal no artigo 61.*

*Este artigo (61) concretamente di:*

*“Soamente os terreos rústicos de uso agrícola en estado de manifesto abandono e que estean adscritos a un banco de terras agrarias ou instrumento semellante, por un período de polo menos dous anos, se poderán forestar, logo de comunicarllo á Administración forestal, cando cumbran algún dos seguintes supostos:*

- a) Que estremen con terreos forestais, cando se utilicen frondosas caducifolias.*
- b) Que constitúan enclaves de ata 5 hectáreas en superficie arborada, utilizando frondosas caducifolias.”*

*Actualmente, estanse a permitir no noso concello a creación de plantacións de especies forestais, algunhas delas moi invasoras (eucaliptos), en terreos agrícolas, sen que por parte da Administración Autonómica, responsable de facer respectar esta lei, se tomen medidas de xeito ordinario.*

*Coa finalidade de evitar que empeoren as perspectivas de produción e recuperación do sector agrogandeiro do noso concello, impedindo a desaparición de terreos aptos para producións agrícolas, hortícolas, frutícolas, gandeiras, etc o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:*

*Instar á administración competente, neste caso a Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural (Art.54), a que vixíe e denuncie este tipo de actuacións, “creación de plantacións de especies forestais, algunhas delas moi invasoras (eucaliptos), en terreos agrícolas”, e fagan respectar a lei sen ter que esperar a que haxa unha denuncia particular como ocorre na actualidade.”*

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente, acadado en sesión do 28/01/2016.

#### **ACORDAMOS:**

Instar á Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, a que vixíe e denuncie este tipo de actuacións, “creación de plantacións de especies forestais, algunhas delas moi invasoras (eucaliptos), en terreos agrícolas”, e fagan respectar a lei sen ter que esperar a que haxa unha denuncia particular como ocorre na actualidade.

**4º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS DURANTE O MES DE DECEMBRO DE 2015.** Dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 1 e o 31 de decembro de 2015 (ambos os dous incluídos), que comprenden dende o nº 1370/2015 á nº 1565/2015.

O Concello en Pleno queda sabedor.

\*\*\*\*\*

Antes de pasar ao punto de rogos e preguntas, o **Sr. Alcalde** pregunta se hai algunha moción de urxencia.

#### **A) MOCIÓN IN VOCE PARTIDO PSdG-PSOE SOBRE A ZONA APARCAMENTO AMBULANCIAS CENTRO DE SAÚDE.**

Intervén a voceira socialista **Dna. Belén Louzao** cunha moción *in voce*, presentando unha serie de fotografías ao Pleno e dicindo que presenta unha moción “gráfica” sobre as ambulancias e o seu aparcamento no Centro de Saúde. Considera urxente esta moción, pois urxe quitar os bolardos, marcar en amarelo a zona restrinxida ás ambulancias, non quere que se repita a situación que amosa nas fotografías e pide que se inste á Xunta de Galicia a que poña a rampa, pois

é moi necesaria.

O **Sr. Alcalde** manifesta que se trata dunha situación que non debería de provocar debate xa que todos están de acordo en dar solución a este tema, recordando que se está pendiente de que a Xunta dea o visto bó ao proxecto de construción da rampa de acceso ao centro de saúde, confiando que as obras serán executadas nesta próxima primavera.

Por unanimidade vótase a urxencia para a introdución desta moción na Orde do Día.

Continúa a súa intervención a **Sra. Belén Louzao** manifestando a urxencia do plantexado na moción, remitíndose ao que reflexa a fotografía presentada (ambulancia coa porta aberta a carón da estrada e non da beirarrúa), polo que considera necesario quitar os bolardos, marcar en amarelo a zona onde non se podería aparcar, restrinxida ás ambulancias, e instar á Xunta de Galicia a que poña a rampa.

Pide a palabra a concelleira **Dna. Mar Blanco** para recordar que esta moción e igual ao rogo que plantexou na sesión plenaria do mes de xaneiro.

Non habendo máis intervención procedese á votación desta moción, aprobándose por unanimidade, cos votos a favor do Partido Popular, MÓVETE, e PsdeG-PSOE, e adoptado o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Co fin de facilitar e mellorar o aparcamento das ambulancias no Centro de Saúde da Estrada, proceder a quitar os bolardos, marcar en amarelo a zona onde non se podería aparcar e restrinxida ás ambulancias.

**Segundo.-** Instar á Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade) a que poña a rampa de acceso ao Centro de Saúde da Estrada

#### **5º.- ROGOS E PREGUNTAS**

En primeiro lugar, **Dna. Belén Louzao**, voceira do PSdeG-PSOE, dicindo que presentaron un escrito nos mes de novembro de 2015 trasladando unha solicitude dos veciños de Arca para que polo Concello se tomaran varias actuacións para reforzar a seguridade nun desnivel que hai xunto á Igrexa, preguntando cómo se atopa neste momento ese tema.

Contesta o Concelleiro **D. Juan Constenla**, que xa se foron a tomar as medidas para a colocación de quitamedos ou barandas e, en breve, serán colocadas.

Continúa a **Sra. Belén Louzao** preguntando sobre a recollida de lixo no cruce da rúa Castelao coa rúa Calvo Sotelo, xa que os contedores soterrados xa que están cheos e os veciños deixan as bolsas no chán.

Resposta o **Sr. Alcalde** que queren resolvelo coa posta en marcha do proxecto de mellora de recollida de residuos no caso urbano, consistente no cambio da capacidade dos contedores soterrados, pasando a ser de 2400 litros, ademais de que tamén hai que darlle un aviso á veciñanza para que non deixen o lixo nas beirarrúas cando os contedores están cheos, controlando a hora na que pasa o camión de recollida.

**Dna. Belén Louzao**, ante o dito polo Sr. Alcalde, considera necesaria a posta en marcha unha campaña de sensibilización e conciación, pero tamén fai o rogo que se coloquen contedores suplementarios naquelas zonas máis conflictivas para evitar a imaxe e a falta de salubridade.

Continúa con outro rogo, relativo ao arranxo da situación sobre a circulación na Avda. de Fernando Conde, naquel tramo no que existe dificultade para aparcar e de circular en dobre sentido; rogo que xa se trouxo a outras sesións plenarias e, se embargo, segue sen resolverse o problema.

Tamén solicite que se destine unha partida para o arranxo dos semáforos da Avda. Benito Vigo e a adopción de máis medidas de seguridade vial, como, por exemplo, a sinalización de saída do aparcamento de Froiz e o da Casa das Letras.

Resposta o **Sr. Alcalde** que, con respecto aos semáforos da Avda. Benito Vigo, é algo que xa está previsto para o novo exercicio, que hai que facer unha inversión de cambio de cable e que debe ser antirroedores, o que é máis caro. Recorda que as inversións afectarán non só no arranxo dos semáforos, senón tamén

no mantemento dos mesmos, ademais da realización dunha actuación funcional e estética dos semáforos e do mobiliario urbán.

Resposta **Dna. Belén Louzao** que lle alegra ver entón que se modificou no orzamento a partida prevista para semáforos para o 2016, que era de cinco euros; continuando a súa intervención co tema das luces da Rúa da Cultura, que siguen como estaban, e vai a haber problemas cos que fan deporte por esa zona, coa posibilidade de que se repitan o accidente que xa se produceu.

Contesta o **Sr. Alcalde** que é certo que as luces son mellorables nesa zona, aclarando que se solucionarios outros puntos máis urxentes e perigosos, como o da parte de atrás do Campos de Fútbol "Manuel Regueiro", con respecto ao tema de que haxa bombillas fundidas, di que non as hai, senón que se traba de un sistema de apagado selectivo, ademais se están substituindo as luminarias polas de baixo consumo LED de 140 watios, e parece que pode resultar; así o aforro enerxético será importante.

Toma a palabra a Sra. **Mar Blanco** fai o rogo de que se repase o firme do aparcadoiro da Rúa de Correos, sobre todo tendo en conta que é un terreo cedido de maneira voluntaria, para elo pedirlle permiso aos propietarios dándolle a cambio o beneficio de non pagar o IBI.

**Sr. Alcalde** que non teñen o beneplácito dos propietarios para facer esta actuación, pero que están en conversas para ver se o consiguen se o consiguen.

A **Sra. Mar Blanco** continúa facendo unha pregunta sobre a viabilidade de executar a obra de urbanización da zona Baiuca (valorada en 450.000 €) en 29 días e se era necesaria unha actuación tan cara; manifestando as súas dúbidas de que se poida facer unha obra de tal envergadura en tan pouco tempo.

Resposta o **Sr. Alcalde** que ese contrato se adxudicou previa mesa de contratación na que os técnicos non dixeron nada sobre o prazo ofertado, non consideraron que fose unha baixa desproporcionada ou anormal. Por parte do Concello se lle obrigou ao adxudicatario a presentar un cronograma, que se adxuntou ao contrato como parte do mesmo, onde se establecera como se vai executar dita obra en 29 días, e o adxudicatario comprometeuse a iso e din que se as circunstancias climatolóxicas non o impiden para facelo sen problema.

Ao fío do que se está a falar, a **Sra. Belén Louzao** pregunta se xa se asinou a acta de replanteo, ao que contesta o Sr. Alcalde coa axuda da Secretaria, que non, que espera que a semán que ven; que teñen dez días dende a sinatura do contrato para asinar a acta de replanteo.

\*\*\*\*\*

Non habendo intervencións por parte dos Concelleiros, nin intervencións por parte do público, ao abeiro do Regulamento de Participación Cidadán, levántase a sesión ás vinteunha horas vinte minutos.

A Estrada, 4 de febreiro de 2016  
A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Arttime Alonso